


# PLAN DE VOLUNTARIADO



Xaruma

## Contido

Presentación.....	2
Marco legal.....	3
Obxectivos.....	5
Xestión do voluntariado.....	6
Perfil do voluntariado.....	6
Vantaxes do voluntariado.....	7
Protocolos.....	7
Divulgación.....	11
Proxectos de voluntariado.....	12
Avaliación.....	13
Anexo I: Acordo de voluntariado maiores de idade.....	15
Anexo II: Acordo de voluntariado menores de idade.....	17
Anexo III: Solicitud de experiencias voluntarias.....	19
Anexo IV: Curso “Voluntariado e Saúde Mental”.....	21

## Presentación

Xaruma é unha entidade sen ánimo de lucro, aberta a sociedade como medio de intervención social. Leva a cabo un proxecto de integración, rehabilitación e reforzo terapéutico para persoas con trastornos mentais e respiro para as súas familias.

As áreas que traballa son:

- Área de educación.
- Área integración social.
- Área emprego.
- Área de participación.

A entidade pretende crear unha alternativa propia aos modelos convencionais de educación no tempo libre por medio da animación sociocultural e da participación activa na comunidade.

Quere ser un axente mediador buscando a realización disto na práctica, por iso se crea un programa educativo para desenvolver no marco de Xaruma que se caracteriza por:

1. Buscar a **educación integral** do individuo.
2. A **aprendizaxe da natureza**.
3. **Enfocar** o tempo libre como un estilo de vida e ofertalo como un ámbito rico e diverso para o crecemento e realización de calquera persoa que desexe aproveitalo.

Ademais a entidade conta con diferentes valores fundamentais que veñen dados polo proxecto como son: diversión, xustiza, solidariedade, desenvolvemento persoal e responsabilidade.

A continuación presentámosvos o Plan de Voluntariado en saúde mental, participación e no medioambiente.

# Marco legal

A acción voluntaria está regulada nun marco legal moi completo composto por diferentes leis e decretos que garanten os dereitos e deberes de entidades e persoas voluntarias. É importante citar a lexislación sobre voluntariado que hai na actualidade, pois existen diferentes leis e decretos que a regulan.

## LEXISLACIÓN ESTATAL:

A máis importante é a **Lei 45/ 2015, de 14 de outubro, de Voluntariado**, que trata diferentes puntos importante nos seguintes artigos:

- *Artigo 3*, sobre a concepción de voluntariado como conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas.
- *Artigo 5*, onde aparecen reflexados os valores, principios e dimensións da acción voluntaria.
- *Artigo 6*, onde se recollen os ámbitos de actuación do voluntariado.
- *Artigo 10*, os dereitos das persoas voluntarias.
- *Artigo 11*, os deberes das persoas voluntarias.

## LEXISLACIÓN AUTONÓMICA:

A nivel autonómico hai que facer mención a diferentes leis, decretos e ordes, como son:

- **Lei de acción voluntaria 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria**. Nela aparece reflexados diversos puntos importantes que se teñen que ter en conta:
  - *Artigo 4*, concepto da acción voluntaria.
  - *Artigo 5*, principios orientados consonte os principios.
  - *Artigo 6*, concepto de persoa voluntaria.
  - *Artigo 8*, deberes das persoas voluntarias.
  - *Artigo 10*, dereitos das entidades de acción voluntaria.
  - *Artigo 11*, obrigas das entidades de acción voluntaria.
  - *Artigo 13*, compromiso de colaboración.
  - *Artigo 14*, acreditación identificativa.
  - *Artigo 16*, pólizas de seguro.
  - *Artigo 19*, dereitos das persoas destinatarias de acción voluntaria.
  - *Artigo 20*, deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria.

- **DECRETO 97/2017, do 28 de setembro polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.**
  - Artigo 2 definicións de Plan de acción voluntaria e de proxectos de acción voluntaria.
- **DECRETO 38/2014, do 20 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Acción voluntaria.**
- **DECRETO 29/2014, do 6 de marzo, polo que se derroga o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.**
- **ORDE do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**, que trata diversos puntos a ter en conta:
  - Artigo 6, clasificación das entidades da acción voluntaria.
  - Artigo 7, actos suxeitos á inscrición na sección de entidades de acción voluntaria no Rexistro.
  - Artigo 8, datos que deben constar para a inscrición das entidades de acción voluntaria no Rexistro.
  - Artigo 9, procedemento de inscrición das entidades de acción voluntaria no Rexistro.
  - Artigo 11, modificacións de datos das entidades de acción voluntaria inscritos no Rexistro.
  - Artigo 17, certificación de experiencias voluntarias.

## PLANS DE XARUMA

A nivel entidade temos que ter en conta os diferentes plans como son os seguintes:

- **Plan de Calidade** que ten como obxectivos os seguintes:
  - Responder á misión e comunicar os valores da razón de ser da nosa existencia como entidade transformadora.
  - Aumentar o nivel de satisfacción das persoas participantes e as familias coa entidade.
  - Consolidar o nivel de éxito da entidade e dos seus participantes no entorno social no que se desenvolven.
- **Plan de medidas para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: ( en construción)**

## Obxectivos

Tendo en conta a programación anual de Xaruma, propóñense os seguintes obxectivos para o Plan de voluntariado.

### Obxectivo xeral

Promover a participación cidadá e o encontro social a través do voluntariado en actividades de animación e dinamización sociocultural, potenciando ademais a autonomía de persoas con discapacidade e a integración de todos os colectivos en sociedade ao mesmo tempo que se traballa en prol do benestar do barrio, ofrecéndolles unha formación no ámbito da saúde mental para outorgarlles coñecementos básicos e favorecer o desenvolvemento das súas funcións.

5

### Obxectivos específicos

<p><b>O.E.1.3</b> <b>Coordinación do voluntariado</b></p>	<p>O,E.1.3.1 Ofrecer un programa continuado de coordinación de voluntariado. O.E.1.3.2 Proporcionar as ferramentas precisas para desenvolver o labor voluntario.</p>
<p><b>O.E.1.4</b> <b>Sensibilización</b></p>	<p>O.E.1.4.1 Difundir a importancia e necesidade social do voluntario. O.E.1.4.2 Desfacer prexuízos sobre a enfermidade mental. O.1.4.4 Aproveitas a novas tecnoloxías da información na sensibilización e captación de novo voluntariado.</p>
<p><b>O.E.2.1</b> <b>Formación monitorado, voluntariado xuventude e colectivos en situación de risco ou desvantaxe social (eido de Educación (Non Formal))</b></p>	<p>O.E.2.1.8 Proporcionar recursos para favorecer o movemento asociativo a voluntarios/as e a xuventude.</p>

<b>O.E.3.3</b> <b>Voluntariado e Monitorado</b>	O.E.3.3.1 Impulsar a actuación social do voluntariado e monitorado como axentes do cambio.
<b>O.E.4.1</b> <b>Intervención transversal</b>	O.E.4.1.5 Implicar no proceso de normalización da lingua ao monitorado e voluntariado que interveña nas actividades. O.E.4.1.8 Programar módulos de lingua e sociolingüística aplicada a animación social nos cursos para voluntarios/as, axentes sociais.

## Xestión do voluntariado

### Perfil do voluntariado.

En Xaruma pode ser voluntaria calquera persoa maior de 16 anos que queira exercer o seu labor en beneficio da cidadanía e ademais teña ganas de vivir unha experiencia diferente. Temos as portas abertas a todas as persoas que queiran participar activamente na mellora das condicións e o benestar dos participantes de Xaruma.

Toda persoa maior de 16 anos pode levar a cabo actividades de voluntariado na entidade, mais destacamos as seguintes características como calidades importantes para o seu desempeño na entidade:

- Ser unha persoa constante e comprometida, con ilusión pola actividade a desenvolver.
- Saber e/ou estar disposta a traballar en equipo, eliminando prexuízos, favorecendo o desenvolvemento persoal e colectivo e facilitando os obxectivos propostos.
- Querer formarse sobre saúde mental e sobre as tarefas encomendadas.
- Coñecer os valores, principios e traballos que se realizan.
- Ser participativo/a tanto nas actividades como na vida asociativa.
- Ter unha dispoñibilidade para poder aportar tempo necesario para cumprir os compromisos de formación, participación, responsabilidade e tarefas.

## Vantaxes do voluntariado

Existen diferentes vantaxes por ser voluntario en Xaruma como son as seguintes:

- Posibilidade de participar na sociedade dende o eido social, traballando con persoas con trastornos mentais e outros colectivos.
- Dispor de un carné acreditativo no que se indique a súa labor.
- Formación gratuíta e certificada en habilidades e recursos de tempo libre, relacionada coas súas funcións.
- Prioridade e facilidades para matricularse nos cursos impartidos pola escola.
- Recoñecemento formal mediante a obtención dunha certificación.

7

## Protocolos

A xestión do voluntariado é onde se recolle a maior información das persoas candidatas a incorporarse como voluntarias. Por iso é importante seguir un protocolo.

Os pasos a seguir nesta xestión son os seguintes:



### 1º CONTACTO/ INFORMACIÓN

A información será dada a través da páxina web de Xaruma, dos trípticos de voluntariado situados en diversas entidades colaboradoras e organismos Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Casa da Xuventude e Universidade de Vigo onde aparece reflexado unha breve descrición



da entidade, o perfil do voluntario, as vantaxes do voluntariado e o horario de atención telefónica.

Así como a través do portal da Xunta de Galicia de voluntariado galego, onde aparece unha breve descrición da entidade, o perfil do voluntaria, poboación a que vai destinado e os ámbitos de intervención.

## 2º ENTREVISTAS INICIAIS

O segundo paso da xestión do voluntariado son as entrevistas, que son de forma presencial e individual, con cita previa en horario de luns a venres de 10:00h a 14:00h ou de 16:00h a 20:00h.

Dispoñemos dun guiión de entrevista, aínda que este guiión é flexible, para así fomentar un trato próximo e obter a información necesaria onde aparecen os seguintes puntos:

- Breve explicación da entidade.
- Tipo de colaboración que pode facer como voluntario/a para poñer en situación ao voluntario/a de onde se atopa.
- Motivo polo que queren facer o voluntariado na entidade.
- Motivo polo elixiu Xaruma e non outra entidade.
- Expectativas que ten do voluntariado que vai a realizar
- Realización dalgún voluntariado antes.
- Dispoñibilidade horaria.
- Actividades que lle apetece facer.
- Dereitos e deberes que teñen os voluntarios/as.
- Funcións do voluntariado.

Asemade, nesta entrevista entregase a documentación sobre o voluntariado como é:

- Tríptico informativo.
- Calendario quinquenal de actividades.
- Consentimento informado protección de datos.
- Cláusula directa uso imaxe.
- Acordo de voluntariado coa numeración consecutiva que terá que asinar (anexo I e anexo II)

Ademais cabe a posibilidade de asistir a unha das actividades para coñecer ás persoas usuarias, antes de comezar o seu voluntariado.

## 3º FORMACIÓN

Dende a entidade crease o curso “ Formación en voluntariado en saúde mental destinado ao voluntariado de Xaruma coa finalidade de

outorgar os coñecementos básicos que fagan favorable o desenvolvemento das funcións.

Este curso (anexo IV) ten unha duración de 5 horas de teleformación e realizarase a través da plataforma moodle: plataforma.xaruma.org, onde estarán colgados todos os contidos e actividades propostas para os diferentes bloques:

1. Introducción á Saúde Mental.
2. Xaruma.
3. Papel do voluntariado.

A forma de avaliación será mediante probas e actividades sobre os diferentes contidos. Unha vez finalizada a formación daráselle a cada voluntario/a unha certificación.

## **4º ADMISIÓN DOS VOLUNTARIOS/AS**

Unha vez realizada a primeira entrevista, asinada toda a documentación, e realizada a formación no primeiro mes de voluntariado, gardarase a documentación do rexistro no libro de voluntariado, avisarase ao secretario da entidade para que realice o pago do seguro de voluntariado e incluírase na categoría de correo voluntarios.

Dedicaráselle unha atención especial, e un acompañamento no primeiro día, para coñecer as persoas que forman parte da entidade, tanto traballadores/as como participantes da entidade e amosaráselle os espazos que se utilizan.

É necesario que nos primeiros días realizaráselle un seguimento máis próximo, para que o voluntario sintase acollido e a gusto.

## **5º SEGUIMIENTO/ AVALIACIÓN**

A persoa encargada do voluntariado, no primeiro mes terá que manter unha entrevista personalizada para preguntarlle a sensación que ten sobre o voluntariado que está a realizar.

Ademais unha vez cada trimestre, a persoa que coordina o voluntariado, reunirse co equipo de traballo para coñecer como se está levando a cabo ese voluntariado, se necesita algún recurso para a súa execución e se se produciron incidencias ao longo do trimestre.

A persoa encargada do voluntariado terá que ter constantemente os datos do voluntariado actualizados.

## Plan de Voluntariado Xaruma

Por outro lado para a avaliación do traballo que realizan as persoas voluntarias, usaranse entrevistas persoais, enquisas e reunións para coñecer a opinión, percepción da entidade e o seu nivel de satisfacción coa súa actividade.

Para avaliar as actividades realizadas polo voluntariado utilizaranse distintos indicadores que se avaliarán trimestralmente.

Algún dos indicadores utilizados son:

- Número de persoas voluntarias, altas e baixas.
- Numero de persoas que demandan información.
- Número de propostas realizadas polo voluntariado.

Cando finaliza o voluntariado poden producirse dúas cousas: a renovación de acordo de voluntariado ou a desvinculación.

- No caso da renovación, comunicaráselle ao secretario da Entidade para que volva a realizar o pago do seguro do voluntariado por ese ano.
- En caso de desvinculación, abordarase o motivo polo que existe esa desvinculación. Deixarase constancia no rexistro de voluntariado da entidade.

### 6º RECOÑECIMENTO

Existen determinadas maneiras de recoñecer a labor do voluntariado, de maneira formal e informal.

A través das experiencias voluntarias moitas persoas desenvolven ou consolidan innumerables habilidades, destrezas, coñecementos, actitudes ou competencias de gran valor para o mundo laboral, e cada vez son máis empresas que valoran estas experiencias.

En caso do **recoñecemento informal**, será de forma persoal, mostrando preocupación por eles, recoñecendo a labor que están a facer, de forma conxunta agradecer o voluntariado o seu labor a través das redes sociais, así como nas asembleas e nas reunión que se producen ao longo do ano na entidade. Ter sempre presente a figura do voluntariado nas actividades a desenvolver.

Por outra parte está o **recoñecemento formal**, unha vez que o/a voluntario/a cese a súa actividade ou solicite a súa obtención. Este dereito está recoñecido pola *Lei de acción voluntaria 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia* onde se levou a cabo a reforma legal do voluntariado galego e entre os que destaca a

posibilidade de obtención, por parte das persoas voluntarias, dunha certificación da súa participación en actividade de acción voluntaria.

Co fin de acreditar oficialmente un historial de experiencias de voluntariado, depositarase previamente a experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria. A certificación oficial das experiencias das persoas voluntarias na Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia (Anexo III).

## Divulgación

A divulgación é o paso máis importante para conseguir voluntariado, dende Xaruma séguense diferentes vías de divulgación como son:

- Páxina web [xaruma.org](http://xaruma.org): onde aparece recollida toda a información xeral dos programas de voluntariado actuais de Xaruma, os beneficios e os requisitos de participación.
- Trípticos en diferentes entidades e organismos.
- Páxina voluntariado galego da Xunta de Galicia.
- Boca a boca: o propio voluntariado fai a labor de captación entre os seus coñecidos, amigos, familia, etc.
- Formación: tras as formacións incorpóranse ao voluntariado.
- Redes sociais: a través do facebook principalmente.
- Actos de presentación.
- Correo electrónico.

## Proxectos de voluntariado

Os proxectos nos que o voluntariado levará a cabo actividades son:

<b>Naturalmente</b>	
<b>En prol da integración de persoas con discapacidade, aportando habilidades e capacidades prelaborais e para unha vida autónoma, incidindo tamén na esfera ambiental.</b>	
<b>Actividades para unha vida autónoma.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obradoiros de memoria.</li> <li>• Psicomotricidade.</li> <li>• Relaxación.</li> <li>• Autocuidado.</li> <li>• Autoxestión.</li> <li>• Habilidades sociais e autoestima.</li> </ul>
<b>Actividades medioambientais.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Horta.</li> <li>• Limpeza de espazos verdes.</li> </ul>
<b>Excursións e actividades de animación sociocultural.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de lecer inclusivo e saudable pola comunidade autónoma galega.</li> <li>• Respiros familiares ou estancias de fin de semana ou semanas.</li> </ul>

<b>Mentalízate</b>	
<b>En beneficio da participación, da sensibilización e do fomento do emprego a partires de actividades de integración, actividades formativas e actividades abertas á sociedade.</b>	
<b>Actividades de voluntariado.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades no eido da Saúde Mental.</li> <li>• Voluntariado medioambiental.</li> <li>• Actividades de sensibilización</li> </ul>
<b>Actividades de rehabilitación psicosocial e laboral.</b>	Son actividades encamiñadas a adquirir as competencias básicas para acceder ao mercado laboral no eido da Saúde Mental.
<b>Actividades relacionadas coas habilidades sociais e co autocoñecemento.</b>	

<b>Forma parte</b>	
<b>Na procura dunha conciencia crítica sobre a Saúde e o medioambiente, fomentando o voluntariado.</b>	
<b>Actividades de sensibilización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campañas de sensibilización e campañas de información sobre Saúde Mental.</li> </ul>

## Avaliación

A acción voluntaria avalíase de forma continua cada tres meses e de forma anual, atendendo aos seguintes indicadores:

<b>I.O.V.1.3 Coordinación do voluntariado</b>	I.O.V.1.3.1 O 100% das semanas do ano o voluntariado disporá de oportunidades para exercer o seu labor. I.O.V.1.3.2 O 90% dos meses o voluntariado vai recibir asesoramento e/ou propostas de formación gratuíta.
<b>I.O.V.1.4 Sensibilización</b>	I.O.V.1.4.1.1 O 99% do voluntariado é capaz de desenvolver o seu labor con total autonomía. I.O.V.1.4.1.2 Incrementa un 30% o nº de persoas voluntarias que asinan protocolo coa entidade. I.O.V.1.4.3 O 100% dos meses manterase contacto cos centros de rehabilitación e/ou derivación de voluntariado. I.O.V.1.4.4 O 100% do material de sensibilización dáse a coñecer tamén en formatos propios das novas tecnoloxías.
<b>I.O.V.2.1 Formación voluntariado</b>	I.O.V.2.1.8 O 85% das persoas que entra en contacto coa entidade recibe información e recursos para a intervención asociativa.
<b>I.O.V.3.3 Voluntariado e monitorado</b>	I.O.V.3.3.1 O 25 % do alumnado do MTL, DTL ou DCT colabora en entidades sen ánimo de lucro.
<b>I.O.V.4.1 Intervención transversal</b>	I.O.V.4.1.5 O 95% do monitorado- voluntariado responderá satisfactoriamente naquelas actividades encamiñadas á difusión do galego. I.O.V.4.1.8 O 90% das persoas en contacto coas accións da Asociación manterá unha actitude

positiva cara a normalización da lingua.

As principais técnicas de avaliación son:

- Observación
- Rexistro da participación e asistencia
- Enquisas de satisfacción
- Entrevistas persoais.
- Actividade asemblearia "As Cortes de Xaruma"

# Anexo I: Acordo de voluntariado maiores de idade

### COMPROMISO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO

Nº \_\_\_\_\_

Dunha banda, Ignacio Valverde Viqueira, con DNI 36100826A presidente e representante legal de **Xaruma**, con CIF G27746486 e domicilio fiscal en Travesía de Vigo 4, 6ºB,

Doutra, \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, como persoa voluntaria de Xaruma, nacido/a en \_\_\_\_\_ o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, con dirección en \_\_\_\_\_ e nº de teléfono \_\_\_\_\_.

### **ACORDAN,**

Seguindo as directrices da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, subscribir o presente compromiso para a realización de actividades de voluntariado de acordo ás seguintes

### **CLÁUSULAS:**

#### **Primeira.-**

O traballo realizado por \_\_\_\_\_, terá carácter altruísta a favor de Xaruma, baseándose no concepto de solidariedade. Non se establece, polo tanto, relación laboral nin mercantil nin calquera outra retribuída entre ambas partes.

#### **Segunda.-**

Xaruma facilitaralle á persoa voluntaria unha acreditación que a habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.

#### **Terceira.-**

A persoa voluntaria recibirá orientación e apoio nas actividades que teña encomendadas, e estará asegurada mediante unha póliza que cubra os riscos de



# Plan de Voluntariado Xaruma

accidente da persoa voluntaria, así como danos e perdas causados a terceiros, derivados da súa acción voluntaria, con nº de póliza: \_\_\_\_\_.

Este documento é propiedade da Xaruma, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Xunta de Goberno.

## COMPROMISO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO

Nº \_\_\_\_\_

### **Cuarta.-**

Xaruma aboaralle á persoa voluntaria os gastos que puideran ter lugar no exercicio da súa actividade. Deste xeito, a persoa voluntaria comprométese a que a cantidade aboada pola Asociación Xaruma sexa destinada a pagar os gastos derivados da labor voluntaria.

### **Quinta.-**

A persoa voluntaria asume a obriga de respectar a confidencialidade da información obtida no transcurso da súa actividade.

### **Sexta.-**

A persoa voluntaria asume tamén a obriga de respectar o seu compromiso de dedicación respecto ao tempo ofrecido.

### **Sétima.-**

As tarefas a desempeñar enmarcaranse dentro da programación de animación sociocultural que a entidade desenvolva.

### **Oitava.-**

A duración deste convenio é de 1 ano. Poderá finalizar en calquera momento e por vontade de calquera das partes, comunicándoo, polo menos, cunha semana de antelación.

En sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e na data que se indican máis abaixo.

En Vigo, o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Presidente da entidade

Persoa Voluntaria

# Anexo II: Acordo de voluntariado menores de idade

COMPROMISO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO

Nº /20**REÚNENSE:**

Dunha banda, Ignacio Valverde Viqueira, con DNI 36100826A presidente e representante legal de **Xaruma**, con CIF G27746486 e domicilio fiscal en Travesía de Vigo 4, 6ºB,

Doutra, \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, pai, nai, titor ou titora de \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ como persoa voluntaria de Xaruma, nacido en \_\_\_\_\_ o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, con dirección en \_\_\_\_\_ e nº de teléfono \_\_\_\_\_.

**ACORDAN,**

Seguindo as directrices da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, subscribir o presente compromiso para a realización de actividades de voluntariado de acordo ás seguintes

**CLÁUSULAS:****Primeira.-**

O traballo realizado por \_\_\_\_\_, terá carácter altruísta a favor de Xaruma, baseándose no concepto de solidariedade. Non se establece, polo tanto, relación laboral nin mercantil nin calquera outra retribuída entre ambas partes.

**Segunda.-**

Xaruma facilitaralle á persoa voluntaria unha acreditación que a habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.

**Terceira.-**

## Plan de Voluntariado Xaruma

A persoa voluntaria recibirá orientación e apoio nas actividades que teña encomendadas.

### **Cuarta.-**

Xaruma aboaralle á persoa voluntaria os gastos que puideran ter lugar no exercicio da súa actividade. Deste xeito, a persoa voluntaria comprométese a que a cantidade aboada pola Asociación Xaruma sexa destinada a pagar os gastos derivados da labor voluntaria, con nº de póliza: \_\_\_\_\_

### **Quinta.-**

A persoa voluntaria asume a obriga de respectar a confidencialidade da información obtida no transcurso da súa actividade.

### **Sexta.-**

A persoa voluntaria asume tamén a obriga de respectar o seu compromiso de dedicación respecto ao tempo ofrecido.

### **Sétima.-**

As tarefas a desempeñar enmarcaranse dentro da programación de animación sociocultural que a entidade desenvolva.

### **Oitava.-**

A duración deste convenio é de 1 ano. Poderá finalizar, no encanto, en calquera momento e por vontade de calquera das partes, comunicándoo, polo menos, cunha semana de antelación.

En sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e na data que se indican máis abaixo.




En Vigo, o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O presidente da entidade

A persoa voluntaria

**Este documento é propiedade da Xaruma, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así se estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como mostralo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito da Xunta de Goberno.**

# Anexo III: Solicitud de experiencias voluntarias

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	<b>ANEXO II</b>		
PROCEDIMENTO: <b>REGISTRO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA. SECCIÓN DE EXPERIENCIAS DAS PERSOAS VOLUNTARIAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO: <b>BS505B</b>	DOCUMENTO: <b>SOLICITUDE</b>	
<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>			
RAZÓN SOCIAL		SIGLAS (SE AS TIVER)	NIF
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDERZO ELECTRÓNICO	
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<b>ENDERZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA	NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	ENDERZO ELECTRÓNICO	
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:</b>			
<input type="checkbox"/> Certificado de acción voluntaria conforme o anexo III. <input type="checkbox"/> Copia do DNI da persoa representante, no caso de non autorizar a consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administración Pública.			
Autorizo a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.			
<input checked="" type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)			
<b>SOLICITO:</b>			
<input type="checkbox"/> O DEPÓSITO DE EXPERIENCIAS VOLUNTARIAS. <input type="checkbox"/> A BAXA OU CANCELACIÓN DE EXPERIENCIAS VOLUNTARIAS.			
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da súa inclusión neste procedemento. Vos pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar como responsable do ficheiro.			
<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>			
Orde do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.			
<b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b>			
Lugar e data: _____, _____ de _____ de _____.			
			

<b>Dº/D</b>	<b>NIF</b>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<b>PERSOA SECRETARIA DA ENTIDADE</b>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<b>CON ENDEREDO SOCIAL EN</b>	<b>NIF</b>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

<b>CERTIFICO:</b>	
<b>QUE Dº/D</b>	<b>NIF</b>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>

<b>REALIZOU A ACCIÓN VOLUNTARIA QUE SE ESPECIFICA</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU PROXECTO EN QUE COLABOROU:</b>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<b>DEIXECTIVOS DO PROGRAMA:</b>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<b>POBOACIÓN BENEFICIARIA DA ACTUACIÓN:</b>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<b>DATAS DE COLABORACIÓN</b>	<b>Nº TOTAL DE HORAS DE COLABORACIÓN:</b>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<b>LUGAR DE REALIZACIÓN DA COLABORACIÓN:</b>	<b>PERSOA RESPONSABLE DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO:</b>
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>
<b>FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A EXPERIENCIA OBXECTO DE INSCRICIÓN:</b>	
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
<b>FUNCIÓNS E TAREFAS QUE DESENVOLVEU A PERSOA VOLUNTARIA:</b>	
<input style="width: 95%; height: 100%;" type="text"/>	
<b>COMPETENCIAS ADQUIRIDAS:</b>	
<input type="checkbox"/> Comunicación lingüística <input type="checkbox"/> Matemática <input type="checkbox"/> Coñecemento e interacción co mundo físico <input type="checkbox"/> Tratamento da información e competencia dixital	<input type="checkbox"/> Social e cidadá <input type="checkbox"/> Cultural e artística <input type="checkbox"/> Aprender a aprender <input type="checkbox"/> Iniciativa persoal

<b>SINATURA DA/O SECRETARIA/O</b>	
<input style="width: 95%; height: 50%;" type="text"/>	
<b>Lugar e data</b>	
<input style="width: 25%;" type="text"/>	, <input style="width: 5%;" type="text"/> de <input style="width: 25%;" type="text"/> de <input style="width: 45%;" type="text"/>

## Anexo IV: Curso “Voluntariado e Saúde Mental”

O voluntariado é un dos grandes potenciais das entidades sociais, por iso cremos importante aportarlles a **formación** necesaria para poder desenvolver a súa acción voluntaria de forma segura e coñecendo o colectivo e entidade coa que se está a intervir.

Por iso nace o curso de “*Formación en voluntariado en saúde mental*”, coa finalidade de outorgar eses coñecementos básicos que faga máis favorable o desenvolvemento das funcións.

### **Obxectivos**

- Dar a coñecer a estrutura e proxectos da entidade coa que se intervirá.
- Formar sobre o colectivo de saúde mental co que se intervirá, dando a coñecer os mitos e realidades existentes.
- Informar sobre as condicións legais e sociais do voluntariado.

### **Persoas destinatarias**

Voluntariado de Xaruma.

### **Temporalización**

5 horas de teleformación.

Realizarase durante o primeiro mes de voluntariado na entidade.

### **Metodoloxía**

Utilizarase a plataforma en liña moodle: [plataforma.xaruma.org](http://plataforma.xaruma.org)

Nela, colgaranse os contidos e actividades propostos para cada un dos puntos a tratar.

O voluntariado terá un mes para realizar a formación.

Ao finalizala, recibirá unha certificación.

A forma de **avaliación** será mediante probas e actividades sobre as materias tratadas.

## Contidos

1. Introducción á Saúde Mental.
  - Conceptos básicos.
  - A contorna.
  - Mitos e realidades.
2. Xaruma.
  - Nacemento da entidade
  - Misión, visión e valores.
  - Principais proxectos e actividades.
3. O papel do voluntariado
  - Dereitos e deberes.
  - Habilidades sociais básicas.
  - Visionado de experiencias.
  - O voluntariado en Xaruma. Que podo facer?